



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000154

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA REDE DE COLECTORES XERAIS NO SOLO URBANO INDUSTRIAL DE CAMPORRAPADO

EXPEDIENTE:2017/G003/000154

ANTECEDENTES:

Con data 31 de agosto de 2017, iniciase a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia da obra denominada Rede colectores xerais no solo urbano industrial de Camporrapado por importe de 98.198,40 euros.

Solicítanse ofertas ás empresas, Martínez Montes e Hijos,SL, Construcciones Boqueixón, SL e Espina y Delfin,SL. Tamén se publica anuncio da licitación no perfil do contratista da páxina web municipal.

No prazo establecido para o efecto recíbense as seguintes comunicacións:

A empresa Espina y Delfin, SL presenta un escrito onde declinan a invitación de participar na licitación das obras, debido ós compromisos adquiridos.

Contrucciones Boqueixón, SL e Martínez Montes e Hijos, SL, presentan as súas propostas o día 12 de setembro.

Tamén presenta oferta a empresa José Varela Iglesias, SL que, tendo en conta o contido no informe 33/2009 de 1 de febreiro de 2010 da Xunta Consultiva de Contratación, si por parte dos licitadores non invitados se presentaran, cando o procedemento aínda o permite, ofertas o órgano de contratación debe acéptalas.

Na resolución da alcaldía ditada o día 22 de setembro, valóranse as ofertas presentadas, adjudicando un código alfanumérico a cada unha das empresas para non divulgar a identidade destas, de cara a realizar o proceso de negociación. Os resultados desa valoración son os seguintes:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total
					%CI	%CE			
75R3	7	4	6	10	1	9	0	0.13	37.13
N4YZ	7	5	6	10	0.45	9	0	40	77.45
RE7B	7	4	6	7	0.20	9.00	0	0.40	33.60

Segundo consta na acta realizada polo órgano negociador con data 9 de outubro, con data 22 de setembro iniciase o proceso de negociación e envíase a cada unha das empresas unha comunicación onde se transcribía o cadro coas puntuacións totais acadados por cada unha e indicábase, para que as empresas negociasen se o desexaban ou ben se ratificasen na súa proposta inicial, o importe da oferta económica máis baixa e a redución de prazos. Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa foi presentada por Construcciones Boqueixón, SL por un importe de 69.706,82 euros e ningunha presentou redución de prazo.



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000154

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

Martínez Montes e Hijos, SL – 75R3
Construcciones Boqueixón, SL – N4YZ
Excavaciones José Varela Iglesias, SL – RE7B

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

Empresa	Oferta económica	Redución de prazos
Martínez Montes e Hijos, SL	68.970,00	40 días naturais
Construcciones Boqueixón, SL	69.706,82	31 días naturais
Excavaciones José Varela Iglesias, SL	84.687,90	28 días naturais

Posteriormente realízanse as valoracións das ofertas e obtéñense as puntuacións que a continuación se transcriben no seguinte cadro:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total
					%CI	%CE			
Martínez Montes e Hijos, SL	7	4	6	10	1	9	3.1	40	80.10
Construcciones Boqueixón, SL	7	5	6	10	0.45	9	3.52	38.85	79.82
Excavaciones José Varela Iglesias, SL	7	4	6	7	0.20	9.00	4	15.14	52.34

O órgano de negociación, á vista dos datos obtidos ó utilizar a fórmula matemática da Deputación da Coruña para a valoración das ofertas, observa que as empresas Martínez Montes e Hijos, SL e Construcciones Boqueixón, SL presentan ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Con data 27 de setembro envíase a comunicación ás empresas para que presenten as xustificacións das súas baixas, cumprindo así co acordado no prego de cláusulas utilizado para a licitación da obra, e que na súa cláusula 15.3.3 relaciona a documentación que se debe presentar.

No período establecido para o efecto, ambas empresas presentan as xustificacións e o día 6 de outubro o técnico elabora os informes correspondentes, nos que di non apreciar a desproporcionalidade ou anormalidade das ofertas presentadas.

Polo tanto, á vista das puntuacións obtidas e dos informes do técnico, o órgano de contratación propón



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000154

a adjudicación da obra á empresas Martínez Montes e Hijos, SL por un importe de 68.970, 00 euros, e un prazo de execución de 40 días naturais.

Con data 9 de outubro, o órgano de contratación, ante a urxencia que ten o que se inicien as obras, dita a resolución clasificando as propostas obtidas da negociación, obtendo o seguinte resultado:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe de control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total
					%CI	%CE			
Martínez Montes e Hijos, SL	7	4	6	10	1	9	3.1	40	80.10
Construcciónes Boqueixón, SL	7	5	6	10	0.45	9	3.52	38.85	79.82
Excavaciones José Varela Iglesias, SL	7	4	6	7	0.20	9.00	4	15.14	52.34

Tamén se resolve requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 16.2 do prego de cláusulas, na que se inclúe a presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE.

O día 9 de outubro, envíase á empresa Martínez Montes e Hijos, SL o requirimento para que presenten a documentación solicitada. A empresa entrega a documentación o día 11 de outubro, polo que no prazo de 3 días hábiles é preciso adjudicar o contrato, polo tanto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Adjudicar o contrato da obra Rede colectores xerais no solo urbano industrial de Camporrapado por importe de 68.970,00 euros á empresa Martínez Montes e Hijos, SL e de acordo co prazo fixado para a súa execución.
2. Comunicar este acordo á empresa adjudicataria, así como ás demais licitadoras.
3. O contrato será asinado non máis tarde dos quince días hábiles que se contarán a partires do que a empresa reciba a notificación da adjudicación.

En Boqueixón, luns 16 de outubro de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín